



MÚSICA

Sés

OFRECE UN CONCERTO
EN NARÓN

TEATRO

**Luces de
Bohemia**

NO JOFRE

Exemplar gratuito

**Valeria
Castro**

NO JOFRE



Narón Kids

A compañía de danza coreográfica campiona do mundo chámase Narón Kids. Dirixidas por Román Romero, estas once rapazas e un rapaz acadaron hai un par de meses o prestixioso título en Tarragona, aínda que xa durante o ano lograran para o Club de Baile Deportivo Narón o título de Galicia e o de España. De constancia e paixón polo baile falan nestas liñas.

TEXTO: Nicolás Vidal

Aí. Só poderedes igualar a temporada actual: campionatos de Galicia, España e o mundo. Xa tocastes teito?

NK. A verdade é que o noso obxectivo agora é seguir conseguindo e mantendo os nosos títulos acadados este último ano, sempre con esforzo, sacrificio e moito traballo. E para nós o máis importante é demostrar todo o aprendido e mellorar como bailaríns, vivir novas experiencias e sobre todo seguir disfrutando e facer que todas as persoas que nos ven e apoian gocen do baile, que é a nosa paixón e co que máis gozamos.

Aí. O máis espectacular foi o campionato do mundo: 17 equipos e 9 países. Como foi a cita en Cambrils na que acadaches o récord de puntos?

NK. Unha competición moi intensa e dura, traballamos durante moito tempo para lograr o noso obxectivo e, unha vez alí, estivemos moi concentradas no noso baile e no que queríamos ensinar. E como sempre, polo que se ve, todo traballo ten a súa recompensa.

Aí. Cal foron as rivais máis fortes?

NK. Sen dúbida foron China e Alemaña. O grupo chinés foi o que nos puxo máis difícil a competición dende as primeiras rondas.

Aí. Canto esforzo hai detrás dun título do mundo?

NK. Para nós gañar este título mundial levou unha cantidade inmensa de traballo e dedicación con moitas horas de adestramento, cunha boa preparación tanto física como mental, buscando constantemente maneiras de mellorar e seguindo adiante a pesar das dificultades.

Aí. Cando comezaches en 2015 xa fostes campioas de España júnior. A base destes anos foi manter o mesmo equipo?

NK. Levamos bailando xuntas dende moi pequenas, ao longo dos anos moitas nenas deixárono, outras incorporáronse e actualmente formamos o grupo dez rapazas das cales sete levamos dende o principio de todo. Bailar tantos anos xuntas, coñecernos practicamente de toda a

vida e compartir momentos inesquecibles son factores fundamentais para conseguir este tipo de logros. Somos máis que un grupo de baile.

Aí. Quen formades Naron Kids e de que idades falamos?

NK. O noso grupo fórmalo once rapazas e un rapaz: Noa, Helena, Nerea, Laura, Eva, Claudia, Laura, Emma, Anita, Iria, Josu e Claudia. As idades varían entre os 16 e os 20 anos.

Aí. A vosa especialidade é a danza coreográfica, que características ten que ter esta disciplina?

NK. O máis importante e a clave é unha boa coordinación, que é o que fai que se vexa tan espectacular, e tamén a elección da música e o vestiario que é o reflexo do que se quere representar na actuación.

Aí. Que músicas vos motivan en xeral máis para bailar?

NK. Para atopar a música de cada tempada buscamos cancións acordes coa temática dese ano, que nos estimulen a todas e que nos fagan sentir cómodas á hora de bailar e saír á pista.



“A PAIXÓN QUE SENTIMOS NA PISTA DÊ BAILE VAI MÁIS ALÁ DOS TÍTULOS QUE PODIAMOS CONSEGUIR”

Aí. Que pasa cos rapaces, non hai máis ou non os queredes?

NK. Aínda que a danza coreográfica comezara debido a que non había nenos para bailar en parellas, co paso dos anos o baile en grupo converteuse en algo especial pola presenza dun apoio constante, como é no noso caso, un traballo mutuo entre todas as rapazas que conforman o grupo. Algo que moitas veces a parella de baile non podía proporcionar.

Aí. Cal son as claves para que agrome o talento e a afección en

Narón para esta disciplina?

NK. Dende hai anos, o Club de Baile Deportivo Narón é líder entre os deportes. Cada vez son máis os nenos e nenas dende pequenos que queren coñecer este mundo na nosa cidade, en parte grazas a que o noso concello e o noso clube levou á nosa casa importantes competicións nacionais como o Campionato de España e concursos internacionais como o Grand Slam. Este tipo de competicións axúdanos a atraer grandes promesas para que

vexan o gran nivel que poden acadar.

Aí. Como expresar, logo de tantos anos, a sensación que sentides na pista de baile. É a mesma que cando comezastes neste mundo?

NK. A emoción sigue sendo a mesma despois de tanto tempo, o que realmente nos motiva a seguir bailando son as experiencias que vivimos xuntas e a paixón que sentimos na pista, algo que vai moito máis alá dos títulos que poidamos conseguir.



RAIN
Martins Anciños Band
Jofre | 20.30h | 3€
Rock&(Fe)rrrol



300 meses
Marcos Mella
Jofre | 20.30h | 3€
Anima Mundi



Elisa Vázquez Doval
Capela do Torrente | 21.00h | 3€
Os Xoves da Capela



Librement, Amancio Prada
Sociedad Filarmónica
Ferrolana
Jofre | 20.30h | 25€ (socios 4€)



As que limpan
A Panadaria
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



Ándale! Bon Appétit!
Teatro Ghazafellos
Jofre | 12.30h | 3€
Ciclo Infantil



Fronterizas
Mari Paula
Jofre | 20.30h | 5€
Ferrol en danza



La Flauta Mágica Die Zauberflöte
Camerata Lírica
Jofre | 20.30h | Desde 15€
Ópera



Maneida
Capela do Torrente | 21.00h | 3€
Os Xoves da Capela



Luces de Bohemia
Miseria y Hambre Producciones
Jofre | 20.30h | Desde 10€
Teatro



Latas D'Click
Jofre | 20.30h | 5€
Circo



Último verán en Santa Cristina
Teatro do Noroeste
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



Valeria Castro
Jofre | 20.30h | Desde 20€
Rock&(Fe)rrrol



Información detallada
de toda a programación cultural
<http://www.ferrolcultura.gal>

06 xoves

20.30 H

MARCOS MELLA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

3 €

O MÚSICO FERROLÁN PRESENTA O SEU DISCO 300 MESES SUBINDO AO ESCENARIO ARTISTAS COMO ROSA CEDRÓN, DEBORA SILVA E DAYAMI ANDAUX.

La del bolsillo roto», «Otoño» ou «Una de Sabina» son algúns dos temas que soarán no Teatro Jofre nun concerto no que Marcos Mella achega ao público o seu último traballo discográfico. Xunto a el estarán Fran Rey (piano), Víctor Gacio (baixo), Cristóbal Castro (batería) e Rubén Cores (guitarra).

07 venres

20.30 H

AMANCIO PRADA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

25 €



O CANTAUTOR TRAE A FERROL LIBREMENTE, UN PROXECTO NO QUE INTERPRETAR TEMAS CLÁSICOS E COMPOSICIÓNS QUE FOI ESCRIBINDO AO LONGO DA SÚA TRAXECTORIA MUSICAL.

Amancio Prada está inmerso na xira Librementemente, con concertos nos que interpreta temas do seu último traballo Prada, Prada –nos que musica composicións propias que foi gardando ao longo da súa vida– con outras, as emblemáticas, coas que lembra os versos de Lope de Vega, Bécquer, Rosalía de Castro ou García Lorca.

08 sábado

20.30 H

AS QUE LIMPAN

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



AS QUE LIMPAN NON FALA SÓ DE TRABALLADORAS DA LIMPEZA, FALA DE MULLERES E DO CHAN MOLLADO SOBRE O QUE CAMIÑAN CADA DÍA.

Espectáculo dirixido e protagonizado por Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman, fundadoras da compañía A Panadaria.

Un cartel colga do picaporte da habitación. “Por favor, arranxe o cuarto”. Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son “as que limpan”, as invisibles que cargan ás súas costas un sistema turístico precarizador.

As que limpan fala da loita organizada das camareiras de piso dos hoteis por conseguir uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hostaleiras. Neste espectáculo as fundadoras da Panadaria formúlanse estas preguntas: É posible revalorizar este traballo e desligalo do xénero? Existe un turismo sostible? Quen limpa a casa da limpadora?

A Panadaria é unha compañía con dez anos de experiencia que ten recollido varios premios María Casares ou un Premio da Crítica de Galicia no ano 2015.


14 **venres** 20.30 H

FRONTERIZAS

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

5€



ESPECTÁCULO DA BAILARINA E COREÓGRAFA BRASILEIRA MARI PAULA QUE ABORDA TEMAS COMO A LOITA, O CANSAZO OU A ACEPTACIÓN DO FRACASO.

Fronterizas é unha obra intimista, na que Mari Paula reflexiona sobre a súa experiencia vital e sobre a danza. Cunha estrutura narrativa non lineal, a obra imaxina o futuro a partir de pedazos rotos do pasado. A construción dramática rompe coa coraza, coa linguaxe e co corpo da performer poñendo en escena un corpo transmundano que desexa desestabilizar as lóxicas da produción.

Fronterizas é a derradeira posta en escena dunha triloxía –formada ademais por Retrópica (2017) e Devórate (2019), que aborda o corpo coma unha experimentación antropológica e migrante.

09 **domingo**

12.30 H

ÁNDALE. BON APPÉTIT

Infantil

TEATRO JOFRE (FERROL)

3 €

A COMPAÑÍA TEATRO GHAZAFELHOS ADAPTA A SÚA EXITOSA OBRA BON APPÉTIT Á COCINA MEXICANA PRESENTANDO UNHA HISTORIA NA QUE APARECERÁN PERSONAXES COMO PANTO VILLA, FRIDA KAHLO OU OS MARIACHIS.

Felipe, Antonio e Francisco son tres chefs que cociñan unha deliciosa comida mexicana. Dos seus fogones saíran tamales, enchiladas, tacos... e unha boa chea de receitas novas aderezadas co seu inconfundible humor. A través de Ándale. Bon Appétit!, Teatro Ghazafelos achega ao público infantil a historia do país mexicano.

15 **sábado**

20.30 H

LA FLAUTA MÁGICA

Ópera

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €



A COMPAÑÍA CAMERATA LÍRICA ADAPTA A ÚLTIMA OBRA DE MOZART, UNHA FASCINANTE CREACIÓN QUE MOSTRA O TRIUNFO DO BEN SOBRE O MAL.

O príncipe Tamino e a súa máxica flauta adéntrase no bosque en busca de Pamina, a súa namorada, a quen ten secuestrada o malvado Sarastro. Acompañao Papageno, un inxenuo home-paxaro que tamén busca o amor. Pero a malvada Reina das noites e as súas damas dificultarán o camiño aos protagonistas tendo que superar un bo número de probas ata chegar a Pamina. Adaptación da ópera de Mozart, estreada en 1791, dirixida polo tenor Rodolfo Albero.

18 sábado**20.30 H**

VALERIA CASTRO

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

20 €



UN DÍA DESPOIS DE ACTUAR NA CORUÑA, A CANTAUTORA VALERIA CASTRO CHEGA AO TEATRO JOFRE NA XIRA DE PRESENTACIÓN DE "CON CARINO Y CON CUIDADO", O SEU ÁLBUM DE DEBUT.

Valeria Castro posúe unha voz excepcionalmente delicada e conmovedora, capaz de evocar profundas emocións. No seu primeiro disco bríndanos unha introspección persoal, un exercicio de autoestima e amor propio. Na súas cancións é evidente a súa conexión co seu lugar de orixe, a illa de La Palma. Co seu canto convértese na voz do seu pobo e a súa forma de vida. Encarna a sinceridade e a esencia e mostra unha autenticidade palpable.

20 xoves**21.00 H**

MANEIDA

Música

CC TORRENTE BALLESTER (FERROL) 3 €



ESTA BANDA LOCAL DE ROCK FAI UHA PROPOSTA SONORA DE CALIDADE E OFRÉCENOS UNHA LÍRICA ORIXINAL.

As súas cancións reflicten influencias heteroxéneas pero con signo de identidade propio. Mergúllannos nun lenzo de claroscuros, un mundo decadente e bizarro con toques de luminosidade, unha viaxe a través do cal a banda nos guía con letras reivindicativas e irónicas.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo

15402 FERROL - A Coruña

Tels.: 981 074 644 - 698 179 453

e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es



GULLIVER

2024

F · E · S · T

9, 10 E 11 AGOSTO
MUIÑO DE PEDROSO - NARÓN
CINCO ANOS CELEBRANDO
A CULTURA VIAXEIRA



ORGANIZAN



PATRONA



WWW.GULLIVERFEST.ES

21 **venres**

20.30 H

LUCES DE BOHEMIA

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

12 €



CATRO ACTORES E UNHA PIANISTA INTERPRETAN ESTA OBRA DE VALLE INCLÁN SOBRE A MEDIOCRIDADE DA PICARESCA ESPAÑOLA, A FALTA DE ÉTICA E AS CRISIS POLÍTICAS E A DECADENCIA QUE AMBAS AS DÚAS PROVOCAN.

Esta versión da peza de Valle Inclán da compañía Miseria y Hambre Producciones xira sobre a idea de fracaso da Restauración e o clima de decadencia política e social de España a partir da crise de 1917 ten certo paralelismo coa idea do fracaso da democracia española actual por falta de solucións aos problemas da cidadanía e a picaresca consustancial á cultura política do país.

22 sábado

20.30 H

LATAS

Circo

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



**A COMPAÑÍA ARAGONESA
D'CLICK PRESENTA UN
ESPECTÁCULO QUE OBTIVO OITO
PREMIOS CIRCADA.**

Tres personaxes constrúen e destrúen o presente sen máis obxectivo que desafiar ao aburrimiento. Coñécese tanto que non necesitan falar. Habitan un mundo no que pasou algo, pero non sabemos o que. Un momento de felicidade compartida.



I XORNADA LITERARIA NO

PABLO J. RAÑALES
PEDRO FEIJOO
MARIOLA HERMIDA
MATILDE CASTRO
JOSE ÁNGEL VARELA
MARÍA NIETO
M^a DEL MAR MUÑOZ
JUAN GALÁN
MIGUEL GACIO
RUBÉN PEDREIRA
ANDREA MARTÍNEZ

POTE

**MANIÑOS
FENE**

TERESA CAMESELLE
ROBER CAGIAO
RAQUEL VILLANUEVA
MICAELA BARBEITO
XOSÉ FERNÁNDEZ
ANTONIO D' TENERIFE
SARA G. VEIGA
SABELA CAGIAO
COVA P.L.
ISABEL RAMOS

CON AUTORAS E AUTORES DE FERROLTERRA

VENRES 14 DE XUÑO DE 2024 A PARTIR DAS 19 H.

FEIRA DO LIBRO - COLOQUIO - PRESENTACIÓNS

22 sábado

22.00 H

SÉS

Música

CENTRO CÍVICO DE SAN XIAO (NARÓN)

DE BALDE



SÉS PRESENTA O SEU ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO EN NARÓN NUN CONCERTO NO QUE MOSTRARÁ UNHA VEZ MÁIS A SÚA ENORME FORZA PERSOAL.

“Diante un eco”, o seu oitavo traballo discográfico, fai referencia á concepción cíclica da historia, tristemente avalada pola deriva sociopolítica dos nosos días. É tamén para a autora unha volta aos inicios, pero desde o oficio e a madurez, e sobre todo desde unha visión alternativa da sofisticación, horizontal e intercultural. Unha sólida reafirmación na estética popular da que a cantora se considera amante e deudora, sen complexos e sen renunciar á calidade poética que a caracteriza.

O estilo de Sés mistura coas doses exactas os ingredientes que consiguen un resultado orixinal e xenuino: rock’n roll, tradición oral galega e certa cadencia da canción de autor latinoamericana con actitude punk, reivindicación e manexo escénico cunha constante e permanente interlocución cos seus seguidores. O seu discurso valiente, novedoso, contundente e directo fan da figura de Sés a voz de moitos, o altafalante certo que defende aquilo no que sería ideal crer.

28 venres

20.30 H

ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



TEATRO DO NOROESTE PRESENTA ESTA OBRA SOBRE UN TRIÁNGULO DE RELACIÓNS NA ESPAÑA FRANQUISTA DOS ANOS SESENTA.

“Último verán en Santa Cristina” conta o acontecido a un rapaz de 12 anos que, no ano 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e, na lectura destas cartas, rememora o acontecido aquel verán. Como ademais é fillo de militar, o rapaz vive especialmente os acontecementos da sociedade franquista da época.

29 sábado

11.00 H

A VOLTA A GALICIA EN 313 CONCELLOS

Maxia

PARQUE FLUVIAL DE FREIXEIRO (NARÓN)

DE BALDE

O MAGO ANTÓN PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO DE ILUSIONISMO NO SEU MAGOMÓBIL.

O magomobil é un teatro sobre rodas, un vehículo de trece metros de longo por 6 de ancho que permite a o público ver o espectáculo en condicións óptimas.

SARDIÑADA CHURRASCADA SAN XIAO



SÁBADO 22 XUÑO 2024
ENTORNO CENTRO CÍVICO SOCIAL
DE SAN XIAO DE NARÓN

19:00 h.: Xogos tradicionais, populares e inchables

21:00 h.: Sardiñada Churrascada popular

- Churrasco, criollo, pan, viño, gaseosa, auga, café:
Socios/as : 15 € + unha sardiña de regalo // Non socios/as: 18 €
- Sardiñas: 3 x 3€
- O/A que se faga socio/a ese día na Festa terá prezo de socio/a
- Os tickets poderanse coller por adiantado a partir do día 10 no Centro Cívico Social de San Xiao en horario de 19:30 a 21:00h

21:00 h.: Música Tradicional coa **CHARANGA ALXIBEIRA**

22:00 h.: Concerto de **SÉS**



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón



S. XIAO

PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD)

COFINANCIADO POLO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA DO GOBERNO DE ESPAÑA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU

CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA



O nome de Ferrol trae á memoria dúas imaxes icónicas: os seus estaleiros e o seu departamento militar. Dous pivotes sobre os que se desenvolveu desde o século XVIII. Pero esta cidade portuaria ten moito máis que iso. O seu casco histórico foi todo un exemplo para a Europa da Ilustración que logo daría paso a grandes expresións de arquitectura modernista.

Por outra banda, as baterías de defensa militar situadas na costa de Ferrolterra son unha importante parte do seu patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e social. Estas caracterizan a súa paisaxe litoral e reflicten a historia local, dando unha identidade única ao territorio. Estes espazos, xunto co casco histórico de Ferrol,

son un dos reclamos turísticos máis visitados no destino, tanto por locais como por turistas, que gozan dos restos vivos do seu pasado, rememorando a historia local deste territorio.

Todo isto, fai que Ferrol sexa a día de hoxe unha gran candidata para ser declarada como Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO.

É por iso que a Deputación da Coruña e os concellos de Ares, Ferrol e Valdoviño levan anos buscando opcións para rehabilitar o importante patrimonio cultural, militar e costeiro, que supón un aceno de identidade para a comarca de Ferrolterra, perseguindo poñer en valor a súa memoria e papel fundamental no desenvolvemento do territorio,

á vez que o seu uso como oferta turística nova e produto sostible conseguiría dinamizar o turismo da zona e mellorar a competitividade do sector.

Por iso o obxectivo principal deste Plan é o de recuperar e poñer en valor o patrimonio histórico e cultural propio da cidade e do litoral ártabro, aproveitándoo como reclamo de turismo sostible na comarca. O presente Plan busca servir de instrumento para dotar dunha visión global, de conxunto a estas instalacións e poder desenvolver un proxecto en colaboración coas tres administracións locais.

No plan, dotado de 2 millóns de euros e integrado no programa de Planes de Sostibilidade Turística en Destino financiado con

fondos Next Generation–, encádranse 14 actuacións nas que se levarán a cabo os seguintes eixos programáticos:

1. Transición verde e sostible:


recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso; implantación dun sistema de alertas; creación de aparcamentos disuasorios en vías de acceso ás baterías militares e no centro histórico de Ferrol.

2. Mellora da eficiencia enerxética:

adequación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente a viandantes e ciclistas; creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra; mellora da iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, entorno e infraestruturas do patrimonio militar.

3. Transición Dixital:

elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico con especial atención ao patrimonio militar; desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra; deseño e desenvolvemento dunha páxina web cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra con especial atención ás baterías defensivas.



4. Competitividade:

actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán, rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos

do centro histórico de Ferrol e creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra.

ESTREA DO MES | 7 DE XUÑO

Richard Linklater

HITMAN

Asasino por casualidade

NOTAS DO DIRECTOR

As dúas actuacións principais son moi gozosas. Parece que se han de converter en estrelas.

Oh home, grazas. Estou de acordo. Por suposto, coñezo a Glen desde hai un tempo, pero non coñecía a Adria antes disto. Foi fantástico traballar con ela. Realmente sentín que eses dous estaban encamiñados cara ao éxito xuntos. Foi moi divertido velo. Supoño que o máis difícil do personaxe de Gary foi facer ver a Glen Powell coma unha especie de parvo ao comezo do filme. Si, temos algo de Clark Kent, seguro. Esa foi a parte difícil. A xente vai crer algunha vez que Glen Powell é un mozo parvo? É un tipo tan ridiculamente guapo. Pero dígoche que Glen ten ese lado intelectual e potencialmente nerd. Non é rechamante, pero está aí. Por iso creo que lle gustaba tanto esta parte. Pero sabía que sería moi satisfactorio ver

a Ron [o alter ego elegante] porque todos sabemos que Ron está máis preto do verdadeiro Glen. Gustárame preguntarche sobre a filosofía que está en segundo plano ao longo do filme. Si, a idea de que a realidade non está fixada. Iso veu de cousas que lin. Vin cambiar tanto os meus puntos de vista, polo que nalgún momento te preguntas: Ben, que é a verdade? É algo fixo? Aquí optamos por levalo nunha dirección que creo que é máis positiva, no que respecta á identidade. A idea de que non estás predeterminado. Todos coñecemos xente que, inevitablemente, empeora e se converte nun saco de merda total. Pero tamén existe a idea de que podes converterte nunha versión mellor e cambiada de ti mesmo. Houbo momentos nos que case me atopei lendo o filme como unha alegoría romántica: que cada cortexo implica un falso sicario e cada historia de amor son dous

sociópatas que se xuntan. E detrás de cada gran historia de amor, probablemente haxa unha mentira ou unha certa terxiversación. Cando Gary está a falar coa súa ex-muller, ela di: "Só tes que atopar a alguén que estea fodido dun xeito que funcione coa forma en que estás fodido ti". É romántico porque é un compromiso real. Estadexuntos nun tren que remata no cemiterio. Es un pioneiro do cine indie estadounidense. Segue a ser posible unha carreira como a túa? Como ves o estado actual do cinema? Parece que se foi co vento... ou co algoritmo. Ás veces, falo cos meus contemporáneos e dicimos: "Oh meu Deus, nunca poderíamos facelo hoxe". Supoño que nacín no momento axeitado. Puiden participar na que parece a última época boa para o cinema.

Por Patrick Brzeski para a The Hollywood Reporter (extracto)

07 xuño

HITMAN. ASASINO POR CASUALIDADE

Richard Linklater

2023 | EUA | 113' | INGLÉS



Gary Johnson é o tipo máis buscado de Nova Orleans. Un misterioso asasino a soldo... que traballa como infiltrado para a policía. Cando rompe o protocolo para axudar a unha muller desesperada que tenta fuxir dun marido maltratador, acaba converténdose nun dos seus falsos personaxes e considera a idea de transformarse nun verdadeiro criminal.

Venecia 2023 (Sección Oficial)

“Desenfadada pero sofisticadísima, deliciosamente amoral e rotundamente divertida” El Periódico

14 xuño

EUREKA

Lisandro Alonso

2023 | FRANCIA | 146' | VARIOS IDIOMAS | +16



Un cowboy solitario adéntrase nunha vila sen lei en busca de vinganza. Paralelamente, na reserva de Pine Ridge, Sadie emprende unha viaxe a través do tempo e o espazo para escoitar os sons e os relatos doutras persoas, as que aínda viven na selva.

Cannes 2023 (Sección Oficial)

“Gratificante e estraña viaxe ao descoñecido” The Guardian

CEO ENCARNADO

Christian Petzold

2023 | ALEMAÑA | 102' | ALEMÁN



Unha pequena casa de vacacións xunto ao mar Báltico. Os días son calorosos e non choveu en semanas. Catro mozos xúntanse, vellos e novos amigos. A medida que os bosques secos que os rodean comezan a acenderse, tamén o fan as súas emocións. Felicidade, luxuria e amor; pero tamén celos, resentimentos e tensións. Mentres tanto, os bosques arden.

Berlín 2023 (Oso de Prata - Gran Premio do Xurado)

“Segue levando o selo inconfundible da súa elegancia intelectual” Screendaily

19 xuño

DO REVÉS 2 (INSIDE OUT 2)

Kelsey Mann

2024 | EUA | 100' | INGLÉS | TP | VE



Disney e Pixar presentan a secuela de *Inside Out* (2015) na que regresamos á mente dunha Riley que entra na adolescencia xusto no intre en que o Cuartel Xeral está a sufrir unha reforma para lle facer oco a algo totalmente inesperado.

ALUMBRAMIENTO

Pau Teixidor

2024 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +16



España, 1982. Lucía, de dezasete anos, quédase embarazada e a súa nai decide trasladala a Madrid para dar fin a esta situación imprevista e non desexada. A rapaza ingresa en Peñagrande, un centro para adolescentes onde forxará unha forte amizade coas súas compañeiras e descubrirá que se lle quere arrebatara aquilo que aínda non ten: a súa propia filla.

28 xuño

KINDS OF KINDNESS

Yorgos Lanthimos

2024 | EUA | 165' | INGLÉS



Fábula que narra tres historias: a dun home atrapado que intenta tomar as rendas da súa propia vida; a dun policía aterrado porque a súa muller, que desapareceu no mar, volveu e parece outra persoa; e a dunha muller decidida a encontrar a alguén cun don especial, destinado a converterse nun prodixioso líder espiritual.

Cannes 2024 (Sección Oficial)

“O tramado das historias é perfecto e ten intriga, humor, soltura e sordidez” ABC

TREN DE SOMBRAS

CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL

Sagas e fugas de Torrente Ballester

SÁB 15 ÁS 19:30 H

EL REY PASMADO

Inmanol Uribe

1991 | España | 106' | español | +12

Inspirada na novela *Crónica del rey pasmado* de Gonzalo Torrente Ballester.

España, reinado de Felipe IV (1621-1665). O Rei queda estupefacto ao contemplar o corpo espido de Marfisa, a prostituta máis bela da Vila e Corte. Despois pretende ver tamén núa á Raíña. A pesar da oposición e o escándalo da igrexa, O Rei non parará ata ver cumpridos os seus desexos.

“Un anaco da nosa historia contado con humor e elegancia. O ambiente festeiro que respira a obra logra saír da pantalla e contaxiar ao espectador.” El País



TEMPADA DE ÓPERA E BALLET

DESDE A ROYAL OPERA HOUSE DE LONDRES

DOM 16 ÁS 16:15

ANDREA CHÉNIER

David McVicar

Música: Umberto Giordano

2024 | 195' | ITALIANO

Durante unha suntuosa festa no París do século XVIII, o poeta Andréa Chénier pronuncia un discurso apaixonado no que critica a Luís XVI. Cinco anos máis tarde a Revolución deu paso ao Terror, transformando o equilibrio de poder entre Chénier, a súa amada Maddalena, e Gérard, o home que podería destruílo...

Jonas Kaufmann encabeza a espectacular posta en escena de David McVicar baixo a batuta do seu colaborador habitual, Antonio Pappano, que dirixe este épico drama histórico de Giordano sobre revolución e amor prohibido na súa última produción como director musical da Royal Opera.



“A pesar de ter algunhas arias gloriosas e unha música xeralmente poderosa e suntuosa, Andrea Chénier é un visitante raro dos principais teatros de ópera do mundo (...) A Royal Opera House elixiu magnificamente os tres papeis principais na presente produción.” Express



Lendas da Pena **molexa** 2024

Día 7 de xuño

22:30 h. **Andaina Solsticial** (Baltar- Pena Molexa)

Día 15 de xuño

18:00: **Xogos Tradicionais**

19:00: Actuación de **Pablo Díaz** : Canta Música

20:00: Churrascada Popular +Bocatas Lopesos

22:00: Concerto de **Os d'Abaixo**

00:00: **Lenda da Fada da Pena Molexa**


00:30: **Grupo de Gaitas** do Padroado da Cultura do Concello de Narón.

Organizan:



Colaboran:





ENSAIO

A LITERATURA GALEGA CONTADA AOS ESCÉPTICOS

MANUEL VEIGA TABOADA | 112 PÁX. | **14,80 €**

ADEMAIS DE ESTAR NUN GRAN MOMENTO DE FORMA COMO NOVELISTA (“PERDER AS BESTAS”, EDICIÓN XERAIS) OS ENSAIOS DE MANUEL VEIGA TABOADA SON SEMPRE MATERIA A TER EN CONTA.

Neste breve pero fecundo libro a cerna do seu traballo é a propia literatura galega e a súa minusvalorada consideración social. Ao longo dun limiar e quince breves textos -algúns publicados anteriormente no blog Biosbardia con algunhas variacións, e outros inéditos- Veiga tira do “escepticismo” popularizado por Eslava Galán para dirixirse a quen non confía nas bondades das letras de noso. Ao longo das páxinas o escritor monfortino xustifica con premios e nomes autores e autoras que merecen un maior recoñecemento e lectura. Un repaso ás características dunha literatura que non a fai tan distinta a outras, pola que desfilan Ferrín, Manuel Rivas, Cunqueiro, Rosalía ou Blanco Amor, con reivindicacións razoadas a Risco ou Valle-Inclán. Das vangardas de Reixa, Lois Pereiro ou Xulia Alonso, do brutalismo de Alfonso Eiré á eclosión poética feminina das últimas décadas. Hai textos dunha lucidez desarmante como a análise das claves da poética de Ramiro Fonte. En resumo unha reivindicación ao valor dunha literatura que calquera pobo estaría orgulloso de producir. Se soubese que a produce, claro.

TEATRO INFANTIL

MEDO ME DÁ!

RAMÓN D. VEIGA | EDICIÓN EMBORA | 58 PÁX. | **14 €**

Galardoadado co II Premio Anisia Miranda de teatro para a infancia que outorga a Fundación Xosé Neira Vilas, “Medo me dá!” de Ramón D. Veiga, volve incidir en dous dos temas que lle interesan ao galardoadado escritor ferrolán: a infancia e as tradicións festivas. Neste caso temos unha deliciosa peza teatral na que os medos veñen de vampiros, bruxas, lobisomes, momias e pantasmas ao enfrontarse a feitos cotiáns da vida real e ao redor da noite do Samaín. O texto, de sinxela representación escénica, conta cunhas ilustracións espléndidas a cargo de Nuria Díaz.

RELATOS

O NADADOR

JOHN CHEEVER (TRAD. MOISÉS BARCIA) | RINOCERONTE | 288 PÁX. | **22 €**

Considerado o Anton Chehov dos suburbios norteamericanos dos anos 50 e 60, John Cheever é un dos grandes narradores da segunda metade do século XX. Entre a súa produción destacan os seis libros de relatos editados en España por Emecé e agora en galego unha parte deles, o quinto volume, grazas a Rinoceronte e o seu editor e tradutor Moisés Barcia. Un total de 16 relatos escritos entre 1952 e 1964 nos que destaca esa obra mestra que é “O nadador”, unha sorte de “Odisea” amarga e metafórica levada ao cine con Burt Lancaster de protagonista. Abraiante.

DELICIAS SONORAS



LA BÚSQUEDA *LUZ, ARENA Y LLANTO*

Nada hai máis estimulante que un artista que é quen de crear por enriba de modas e tempos, co único propósito, guía e faro, do irrenunciable sentido da beleza que o motiva. Eís a divisas da banda mallorquina La Búsqueda. O seu anterior disco, o imbatible “Los Penitentes”, data xa de 2004! Por iso a aparición de “Luz, arena y llanto”, publicado no selo Espora, é unha alegría e unha conmoción, toda vez que alomenos sonoramente segue a mesma liña que o seu predecesor: folk rock mediterráneo, toques mariachis ao “Alone again or” de Love, spaguetti western de Morricone nunha coctelera propia e insólita enriquecida cunhas letras de arrecendos lorquianos cantada pola voz fonda de Xisco Albéniz. Música elaborada, elegante e luminosa que neste capítulo fala da experiencia e da viaxe ao longo de 19 cortes, sete deles interludios cantados ou instrumentais. Un traballo que terá continuidade logo do verán cun dobre vinilo con catro pezas máis nunha sorte de “work in progress”. Temas como “Los mineros”, “Mi querida amiga” ou “Buenaventura” poñen a pel de galiña. Outra dimensión.



MALCOM SCARPA *MALCOM MEETS SCARPA*

Non hai cancelas para a nosa admiración por Juan Manuel Morillo Scarpa, Malcom Scarpa (1959-2022). Un talento superlativo que non foi de encaixar no sistema musical español, quer polo uso maioritario do inglés quer polo carácter fuxidío ou o que fose. Dono dunha voz calida e estilo muscal recoñecible onde se mestura blues, swing, country, psicodelia, Brian Wilson e Ray Davies e os Kinks ou arrecendos de música italiana. Todo para crear un son cheo de fantasía, vital, soñador e nostáxico que o fan un artista dun talento en permanente estado de reivindicación. Deixou discos en solitario excepcionais, proxectos varios e bandas sonoras (Esa “Mamá es Boba” peza clave desa obra mestra do entón director hoxe novelista Santiago Lorenzo). Hai pouco vén de aparecer para a nosa alegría este rescate de maquetas e pezas varias que Rosa, a irmá de Scarpa, puxo en mans do selo vasco Gaztelupeko Hotsak: “Malcolm meets Scarpa”, 22 temas gravados en cassette que aparecen na edición vinilo que contén oito máis no CD que a acompaña e no que a pegada e o estilo de Scarpa brillan.



THE LEMON TWIGS *A DREAM IS ALL WE KNOW*

Hai xa tempo que os irmáns D’Addario deixaron de ser uns simpáticos adolescentes fascinados polos sons sesenteiros máis clásicos e o power pop dos 70. En cada novo disco viñeron dando mostra das súas habelencias como músicos, cantantes e compositores. Esta evolución clara desde o seu terceiro traballo, “Songs for the general public”, avanzou notablemente no cuarto “Everything harmony” e agora culmina neste quinto “A dream is all we know”, elaborado coa colaboración de Sean Lennon. E a pregunta agroma: Ata onde un pastiche pode acabar sendo tan bo como as referencias orixinais? Porque neste traballo de doce pezas, unha máis na edición xaponesa, as influencias aos Beach Boys de Brian Wilson, sobre todo eles, Beatles, Byrds, The Association e bandas de fabulosas harmonías vocais e psicodélicas salferen este sólido traballo, auténtico manual do mellor pop. Pezas como “In the eyes of the girl”, ou entre outras a psicodélica “Peppermint Roses” son un regalo de voces, frescura e madurez artística. Un traballo difícil de repetir.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

7 - 16 JUNIO

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 17.00 H A 20.00 H

EXPOSICIÓN DE ACUARELA - JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ

22 JUNIO

📍 MUELLE DE LA FRIGORÍFICA

🕒 10.00 H A 13.00 H

II JORNADA DE INICIACIÓN A LA VELA

📝 INSCRIPCIÓN DEL 5 AL 16 DE JUNIO - NIÑOS DE 10 A 15 AÑOS



Autoridad Portuaria de
Ferrol-San Cibrao

Fotografía

COMEDY WILDLIFE

ATA O 13/07/24

AFUNDACIÓN (FERROL)

DE LUNS A VENRES: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 20.00 HORAS
SÁBADOS: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 19.00 HORAS. DOMINGOS
E FESTIVOS: PECHADO



Foto: roland_kranitz



Foto: miroslav_srb

Sesenta fotografías compoñen «Comedy Wildlife». As imaxes foron realizadas en distintos recunchos de todos os continentes e todas elas resultaron seleccionadas entre 2015 e 2022 como as mellores instantáneas de animais feitas en clave de diversión e humor no mundo, grazas á colaboración entre Afundación e Terra Espléndida e tras abarrotar en 2023 museos e centros de exposicións dos Países Baixos, Inglaterra, Portugal ou Canadá. Evitar as mensaxes e as imaxes «deprimentes» é o que busca

este certame, e con el a exposición. Isto é o que asegura o cofundador dos premios The Comedy Wildlife, o tamén fotógrafo especializado na natureza Paul Joynson-Hicks, que «as cuestións de conservación e sustentabilidade da vida silvestre están a gañar impulso a nivel mundial, pero as mensaxes e as imaxes tenden a ser negativas, deprimentes e enervantes». E que por iso se animou, xunto aos fotógrafos de natureza Tom Sullam e Michelle Wood, a crear estes galardóns. Desde 2015, premian as imaxes máis divertidas de animais. «Comedy Wildlife» utiliza o humor e a sorpresa como unha forma efectiva de involucrar no encanto do reino animal. As imaxes son extremadamente populares, atraen todas as idades e transcenden todas as culturas e idiomas. Unha foto divertida de animais é incrivelmente eficaz porque non hai barreiras para a comprensión, ou tabús que deben ser negociados. A imaxe aproveita o impulso polo antropomorfismo, que está ben documentado como un dos disparadores máis potentes para a empatía humana. Para entender realmente os animais e as cuestións que lles afectan temos que empatizar con eles como concidadáns do mesmo planeta.

Esta mostra enmárcase no programa solidario Cultura por alimentos, polo que a organización convida a colaborares con alimentos non perecedoiros que se poden depositar no acceso ao edificio e que serán destinados ao banco de alimentos.

Fotografía

FOTOTERTULIA

ATA O 23/06/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS E DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO

O colectivo de fotógrafos afeccionados sala Fototertulia expón as súas últimas creacións na sala de Proxectos do centro cultural ferrolán.

edicións embora

RECOMENDACIÓNS

COLECCIÓN "SUPER MI"
DESCUBRAMOS
O CORPO



COLECCIÓN "SUPER MI"
DESCUBRAMOS
O OCÉANO

A
MARFALLADA
TODA



XUÑO

01 sábado

MÚSICA

19.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

EN CUERDA Y VOZ

MÚSICA

00.00 h Sala La Room. Ferrol.

SALTY ROOTS

02 domingo

MÚSICA

19.00 h Pazo da Cultura. Narón.

SONDESEU



03 luns

OBRADOIRO

11.30 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

MARES DE LETRAS, CON LUCÍA JARES

06 xoves

CONFERENCIA

19.30 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

CONTEXTOS DE ARQUITECTURA E URBANISMO, POR ÓSCAR MIGUEL ARES

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MARCOS MELLA

MÚSICA

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

ELISA VÁZQUEZ VIDAL

07 venres

INFANTIL

16.30 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

ROBÓTICA NA BIBLIOTECA

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

AMANCIO PRADA

MÚSICA

00.00 h Sala La Room. Ferrol.

SINTROM

08 sábado

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol

AS QUE LIMPAN



09 domingo

INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ÁNDALE. BON APPÉTIT

MÚSICA E DANZA

12.30 h O Cantón. Ortigueira.

XACARANDAINA: DANZA 3

11 martes

ÓPERA

20.15 h Cines Dúplex. Ferrol.

JONAS KAUFMANN DENDE A ROYAL OPERA HOUSE DE LONDRES (EN DIRECTO)

14 venres

XORNADA LITERARIA

20.00 h O Pote. Maniños. Fene.

COLOQUIO: LITERATURA EN FERROLTERRA

21.00 h O Pote. Maniños. Fene.

PRESENTACIÓN DE "NINGUÉN CONTARÁ A VERDADE, DE PEDRO FEIJOO

DANZA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

FRONTERIZAS

15 sábado

ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LA FLAUTA MÁGICA

20 xoves

MÚSICA

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

MANEIDA

21 venres

MÚSICA

19.30 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.

GALLAECIA SMALL BAND

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LUCES DE BOHEMIA

22 sábado

NOVO CIRCO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

D'CLICK: LATAS

MÚSICA

22.00 h Centro Cívico de San Xiao. Narón.

SÉS



28 venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ÚLTIMO VERÁN EN SANTA CRISTINA

29 sábado

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

VALERIA CASTRO



MAXIA

11.00 h Parque Fluvial do Río Freixeiro. Narón.

A VOLTA A GALICIA EN 313 CONCELLOS



Nº 192
ANO XVII

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.
T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es



@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

